



# AGOSTO 2011

## Luzmila

Os primeiros cartos que xuntou Luzmila hai uns meses mandoullos a Israel que cumpriu agora cinco anos. Mandoullos para que a avoa o levase a comer ao Burguer que abriron na súa cidade, alá en Bolivia, a dous rueiros de onde viven. Cando Luzmila tiña dezasete anos tivo un noivo pero aquel noivo liscou e agora Luzmila ten a Israel que é o que máis quere no mundo e por iso veu a Madrid, para darlle mellor vida ao seu neno e para que Israel poida comer no Burguer e ter unha bicicleta de montaña se lle peta. Cando fala con el por teléfono, Israel cóntalle a Luzmila as cousas insignificantes dos nenos e quere explicarlle á súa nai con detalle o partido de fútbol que xogou onte á tarde no patio da escola. "Non se dá conta o pobre do que custa cada minuto", di Luzmila.

Do libro "La maleta al agua"

01 luns	1902 Nace Lola Iturbe, sindicalista libertaria, correspondente de guerra e escritora.
02 martes	1942 Nace Isabel Allende. Escritora chilena. "Cuentos de Eva Luna".
03 mércores	1916 Nace Adelita del Campo, bailarina e actriz. "Organización de Mujeres Libres".
04 xoves	1948 Falece Mileva Maric, matemática.
05 venres	1939 Foron fusiladas en Madrid 13 adolescentes, "as trece rosas", das J.S.U.
06 sábado	1949 Nace en Mallorca, Margalida Mora Rosselló, campioa de España de Tiro Olímpico.
07 domingo	s.IV Ágape, mestra e compañeira de Prisciliano, fundadora da seita das agapetas.
08 luns	1857 Nace Cécile Chaminade, pianista e compositora francesa.
09 martes	1897 Nace Marta Bruet, escritora chilena representante da narrativa crioulista.
10 mércores	1904 Nace Norma Sheare, actriz canadiana.
11 xoves	1972 Joane Somarriba, Triple Campioa do Tour, dobre gañadora do Giro e do Mundo de contrarreloxo.
12 venres	1914 Amnistía para as sufraxistas inglesas encadeadas por defender o drto. ao voto.
13 sábado	1934 Nace María Cascales. Bioquímica. 1ª Muller da Real Academia de Farmacia.
14 domingo	1960 Nace Sarah Brightman, soprano británica.
15 luns	1896 Nace Gerty Cori. Nobel de Fisioloxía. Estudos sobre fosforilación de azúcares.

16 martes	1944 Nace Soledad Becerril, 1ª muller ministra da democracia española.
17 mércores	1993 Susan Sontag, Príncipe de Asturias, monta en Saraxevo, "En attendant Godot".
18 xoves	1920 Recoñéceselles ás mulleres o dereito ao voto nos EUA.
19 venres	1936 Juana Capdeville e María Vázquez son fusiladas en Rábade e Pontedeume, respectivamente.
20 sábado	1900 Nace en Cuba, Rita Montaner, unha das máis grandes cantantes cubanas.
21 domingo	1946 Apróbese na Arxentina a Lei sobre Drtos. Políticos da Muller (voto feminino).
22 luns	1947 Nace Rosa Pereda, escritora santanderina. Escribe "O triángulo amoroso: desexo, sexo ou traizón".
23 martes	1909 Chega a Melilla Carmen de Burgos "Colombine", 1ª muller corresponsal de guerra.
24 mércores	1781 Último Auto de Fe da Inquisición Sevillana. Condena a morte á "a beata cega".
25 xoves	1995 "O contradiscurso das mulleres" de Carme Blanco, 1ª hria. en galego do Feminismo.
26 venres	1898 Nace Peggy Guggenheim, coleccionista e galerista de arte.
27 sábado	1932 Nace Antonia Fraser, historiadora e escritora inglesa.
28 domingo	1981 Iníciase a marcha de mulleres contra a OTAN en Greeham Cannon. Durou 13 anos.
29 luns	1873 Nace en Madrid Mª Goyri, pedagoga e escritora feminista. 2ª muller licenciada.
30 martes	1797 Nace Mary Shelley, escritora inglesa autora do clásico Frankenstein.
31 mércores	1936 Mercedes Romero, mestra socialista na Coruña, é detida, torturada, violada e fusilada aos 23 anos.